galicia

LMAG

INFORME OFICIAL DE CAMPAÑAS DE CALIDADE DO AIRE 2016

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

meteogalicia

CALIDADE DO AIRE
DE GALICIA

Índice

1. Campaña de Ozono en Dumbría ..... Páxina 3

2. Campaña no Porto de Vigo ..... Páxina 7

3. Campaña na Illa de Arousa ..... Páxina 13

4. Campaña no Incendio de Fandicosta ..... Páxina 19

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de Calidade
de Avaliación Ambiental

CALIDADE DO AIRE
DE GALICIA

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

CAMPAÑA DE MEDIDA DO OZONO TROPOSFÉRICO EN DUMBRÍA
(Concello de Dumbría, Abril – Setembro 2016)

1. Obxectivo

O obxectivo principal desta campaña foi o de verificar os valores de ozono troposférico presentes na Costa da Morte, empregando como punto de mostraxe unha estación fixa de medición e control da calidade do aire pertencente á subrede de estacións de FerroAtlántica Cee e Dumbría. A campaña iniciouse o 01/04/2016 e finalizou o 30/09/2016.

2. Localización do Punto de Mostraxe

A Rede de Calidade do Aire de Galicia (de agora en diante RCAG), en colaboración co persoal de Medio Ambiente das factorías de FerroAtlántica Cee e Dumbría, instalou un analizador de ozono por técnica de Absorción Ultravioleta na Estación de Control da Calidade do Aire de Dumbría ca fin de achegar información deste contaminante no aire ambiente da contorna, posto que a citada estación non dispón deste equipo pero si de NOx, PM_{10} e SO_2. A estación escollida localízase no Lugar de Buxán, a escasos metros do centro urbano do municipio coruñés de Dumbría. Nesta localización, a RCAG tiña garantido o subministro eléctrico, a representatividade do punto de mostraxe, as condicións ambientais, o acceso e a seguridade durante a campaña. Na seguinte imaxe (Imaxe 1) amósase a localización concreta do punto de mostraxe, e seguidamente tamén unha fotografía da estación de medición de Dumbría (Imaxe 2) e unha imaxe da distribución de analizadores de Ozono troposférico na franxa norte de Galicia (Imaxe 3):

Imaxe 1. Localización da Estación de Control da Calidade do Aire de Dumbría

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

Imaxe 2. Estación de Control da Calidade do Aire de Dumbría (A Coruña)



Imaxe 3. Distribución de analizadores de O_3 troposférico na franxa Norte de Galicia

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

3. Datos rexistrados na Campaña de Ozono de Dumbría

Deseguido pasan a amosarse, na Táboa 1, os datos horarios de O_3 rexistrados na campaña, que cumpren co establecido no *R.D. 102/2011 do 28 de Xaneiro relativo á mellora da calidade do aire* (dispoñible para a súa descarga na seguinte ligazón: http://siam.cmati.xunta.es/lexislacion/norma.asp?idn=6754&lang=g)

PARÁMETRO	SUPERACIÓN	VALOR	VALOR REFERENCIA	INCUMPLE
O_3	Alerta de Superación 240 ug/m³ en 1 hora	0	1	Non
	Información Superación 180 ug/m³ en 1 hora	0	1	Non
	Media en ug/m³	60	--	--
	Máximo Horario en ug/m³	177	--	--
	Mínimo Horario en ug/m³	2	--	--
	Máximo Octohorario	156	--	--
	Mínimo Octohorario	28	--	--
	Porcentaxe de Datos Horarios	99%	86%	Non
	Superacións de 120 ug/m³ Octohorario	5	25	Non
	Percentil 93.2 Octohorario	104	120	Non

Táboa 1. Resumo dos datos acadados na campaña de O_3 en Dumbría

A continuación, no Gráfico 1, amósanse os valores horarios de O_3 rexistrados durante a campaña levada a cabo en Dumbría. Neste gráfico corrobórase que non se superou ningún limiar horario de información (180 ug/m³) nin de alerta (240 ug/m³). Os valores de O_3 representados neste Gráfico 1 preséntanse cos de NO_2 do mesmo período i estación ca fin de verificar a adecuada correlación entre ambos:



Gráfico 1. Datos de O_3 e NO_2 acadados durante a campaña en Dumbría

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

Deseguido, no Gráfico 2, amósase tamén a tendencia e a correlación global dos valores de O_3 rexistrados no resto de estacións da franxa norte de Galicia:



Gráfico 2. Datos de O3 acadados no resto de estacións da franxa Norte de Galicia

Os valores de O_3 acadados na campaña de Dumbría cumpren co establecido no *R.D. 102/2011 do 28 de xaneiro relativo á mellora da calidade do aire* (dispoñible para a súa descarga na seguinte ligazón: http://siam.cmati.xunta.es/lexislacion/norma.asp?idn=6754&lang=g).

4. Conclusións Xerais

Malia que os datos acadados na campaña cumpren co establecido no R.D. 102/2011 do 28 de xaneiro relativo á mellora da calidade do aire, a RCAG observou 5 superacións octohorarias de 120 ug/m^3, polo que se está a estudar a posibilidade de instalar un equipo de medición fixa de ozono ca fin de mellorar o control e a cobertura deste contaminante troposférico nesta contorna que xa dispón de outros analizadores en continuo como os óxidos de nitróxeno, as partículas PM_{10} e o dióxido de xofre.

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

CAMPAÑA DE MEDIDA DA CALIDADE DO AIRE NO PORTO DE VIGO
(Autoridade Portuaria de Vigo, Xaneiro – Febreiro 2016)

1. Obxectivo

O obxectivo principal desta campaña sería o seguimento e a medición dos posibles valores de contaminantes atmosféricos que puideran ser xerados pola entrada e saída de buques turísticos e transatlánticos do Porto de Vigo e valorar a incidencia que estes poidan ter sobre a calidade do aire na contorna deste importante porto galego. A campaña iniciouse o 08/01/2016 e finalizou o 15/02/2016.

2. Localización do Punto de Mostraxe

A localización escollida situaríase no Porto de Bouzas, entre a Escola da Federación Galega de Vela e as instalacións do Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR). Nesta localización estaba garantido o subministro eléctrico, o acceso e a seguridade durante a campaña. Na seguinte imaxe (Imaxe 4) amósase a localización concreta do punto de mostraxe e seguidamente tamén unha serie de fotografías do punto exacto de medida para a localización da Unidade Móbil (Imaxe 5):

Imaxe 4. Localización da Unidade Móbil Autopropulsada no Porto de Bouzas (Vigo)

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

Imaxe 5. Localización da Unidade Móbil en Bouzas (Porto de Vigo)

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

3. Datos rexistrados na Campaña do Porto de Vigo

Deseguido pasan a amosarse, na Táboa 2, os datos rexistrados na campaña, que cumpren co establecido no *R.D. 102/2011 do 28 de Xaneiro relativo á mellora da calidade do aire* (dispoñible para a súa descarga na seguinte ligazón: http://siam.cmati.xunta.es/lexislacion/norma.asp?idn=6754&lang=g)

PARÁMETRO	SUPERACIÓN	VALOR	VALOR REFERENCIA	INCUMPLE
CO	Media en mg/m³	0,11	--	--
	Porcentaxe de datos diarios	89%	86%	Non
	Superación 10 mg/m³ Octohorario	0	0	Non
NO	Media en ug/m³	5,2	--	--
	Porcentaxe de datos diarios	89%	86%	Non
NO_2	Media en ug/m³	13	40	Non
	Nº Alertas 400 ug/m³ durante 3 horas consecutivas	0	0	Non
	Porcentaxe de Datos Diarios	89%	86%	Non
	Superación 200 ug/m³ en 1 hora	0	18	Non
	Percentil 99.79 Horario	63	200	Non
NOx	Media en ug/m³	21	--	--
	Porcentaxe de Datos Diarios	89%	86%	Non
O_3	Alerta de Superación 240 ug/m³ en 1 hora	0	1	Non
	Información Superación 180 ug/m³ en 1 hora	0	1	Non
	Media en ug/m³	55	--	--
	Porcentaxe de Datos Diarios	89%	86%	Non
	Superacións de 120 ug/m³ Octohorario	0	25	Non
	Percentil 93.2 Octohorario	87	120	Non
PM_{10}	Media en ug/m³	11	40	Non
	Porcentaxe de Datos Diarios	89%	86%	Non
	Superacións de 50 ug/m³ en un día	0	35	Non
	Percentil 90.4 Diario	17	50	Non
$PM_{2,5}$	Media en ug/m³	9,1	26	Non
	Porcentaxe de Datos Diarios	89%	86%	Non
SO_2	Media en ug/m³	1,5	--	--
	Nº de veces que se superou limiar de alerta 500 ug/m³ durante 3 horas consecutivas	0	1	Non
	Porcentaxe de Datos Diarios	89%	86%	Non
	Superación de 125 ug/m³ en un día	0	3	Non
	Superación de 350 ug/m³ en una hora	0	24	Non
	Percentil 90.73 Horario	11	350	Non
	Percentil 99.2 Diario	3.3	125	Non

Táboa 2. Resumo dos datos acadados na campaña do Porto de Vigo

A continuación pasan a amosarse os gráficos onde se representan os datos de CO, NO_X, SO_2, O_3, PM_{10} e $PM_{2,5}$, acadados na campaña do Porto de Vigo:

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es



Gráfico 3. Datos horarios de CO e SO_2 acadados durante a campaña no Porto de Vigo



Gráfico 4. Datos horarios de O3 e SO_2 acadados durante a campaña no Porto de Vigo

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es



Gráfico 5. Datos horarios de NOx acadados durante a campaña no Porto de Vigo



Gráfico 6. Datos horarios de PM_{10} e $PM_{2,5}$ acadados durante a campaña no Porto de Vigo

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es



Gráfico 7. Datos diarios de partículas PM_{10} e $PM_{2,5}$ acadados durante a campaña no Porto de Vigo

Os valores acadados na campaña no Porto de Bouzas (Vigo) cumpren co establecido no *R.D. 102/2011 do 28 de Xaneiro relativo á mellora da calidade do aire* (dispoñible para a súa descarga na seguinte ligazón: http://siam.cmati.xunta.es/lexislacion/norma.asp?idn=6754&lang=g).

4. Conclusións Xerais

Os datos acadados durante a campaña no Porto de Vigo melloraron lixeiramente con respecto ó ano anterior (Ver Informe Oficial de Campañas de Calidade do Aire. 2015). A excepción do O_3 troposférico e das partículas PM_{10} e $PM_{2,5}$, o resto dos contaminantes medidos (CO, NO_x, SO_2) rexistraron unha media máis baixa que na campaña do ano 2015. Observáronse, iso si, certos picos horarios de NOx que poden responder ás manobras do tráfico marítimo ou ás achegas procedentes do tráfico da cidade; todos eles por debaixo dos limiares establecidos pola lexislación vixente.

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

CAMPAÑA DE MEDIDA DA CALIDADE DO AIRE NA ILLA DE AROUSA
(Concello de A Illa de Arousa, Abril – Setembro 2016)

1. Obxectivo

A tenor das conclusións extraídas dos modelos de predición de contaminantes atmosféricos da RCAG, que evidenciaban posibles superacións dos limiares de alerta e información á poboación por ozono troposférico nas Rías Baixas, decidiuse levar a cabo un estudo no que se barallaron diferentes localizacións en distintos puntos xeográficos desta contorna pontevedresa para realizar unha campaña de medida indicativa de calidade do aire coa Unidade Móbil. A localización escollida sería A Illa de Arousa, e a finalidade desta campaña sería principalmente a medida do O_3 durante os meses de maior radiación UV e polo tanto, de maior presenza deste contaminante no aire; entre o 1 de abril e o 30 de setembro do 2016. Dado que a Unidade Móbil está equipada para medir outros contaminantes, ademais do O_3 troposférico, mediríanse tamén o CO, os NOx, as partículas PM_{10} e $PM_{2,5}$ e o SO_2.

2. Localización do Punto de Mostraxe

De tódalas localizacións estudadas en base ós criterios de macro e microimplantación marcados pola lexislación vixente nos diferentes concellos das Rías Baixas, a RCAG considerou o Concello de A Illa de Arousa un dos máis adecuados para a captación e medición do O_3 por presentarse como unha propicia localización de fondo. É dicir; máis afastada da presenza de contaminantes orixinados polo tráfico, a industria ou as actividades domésticas que outros concellos das Rías Baixas. Outro dos motivos que semella facer deste concello unha localización axeitada para a captación de O_3 é a súa condición de illa, posto que de confirmarse que o ozono que sinalan os modelos ten unha orixe transfronteiriza e se move polo Atlántico, o Concello de A Illa sería un escenario perfecto para a captación de ditas achegas. Tanto por motivos de macro e microimplantación como por acceso, seguridade e subministro eléctrico, optaríase pola contorna do Porto do Pau, localizado entre as rúas Valle Inclán e Travesía de Palmeira, e de fronte mesmo á Casa Consistorial.

Imaxe 6. Localización da Unidade Móbil no Porto do Pau (Concello de A Illa de Arousa)

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

Imaxe 7. Localización da Unidade Móbil no Porto do Pau (A Illa de Arousa)

Imaxe 8. Unidade Móbil no Porto do Pau (A Illa de Arousa)

3. Datos rexistrados na Campaña de A Illa de Arousa

Deseguido pasan a amosarse, na Táboa 5, os datos horarios de O_3 rexistrados na campaña, que cumpren co establecido no *R.D. 102/2011 do 28 de Xaneiro relativo á mellora da calidade do aire* (dispoñible para a súa descarga na seguinte ligazón http://siam.cmati.xunta.es/lexislacion/norma.asp?idn=6754&lang=g):

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

PARÁMETRO	SUPERACIÓN	VALOR	VALOR REFERENCIA	INCUMPLE
O_3	Alerta de Superación 240 ug/m³ en 1 hora	0	1	Non
	Información Superación 180 ug/m³ en 1 hora	1	1	Non
	Media en ug/m³	63	--	--
	Máximo Horario en ug/m³	182	--	--
	Mínimo Horario en ug/m³	2	--	--
	Máximo Octohorario en ug/m³	152	--	--
	Mínimo Octohorario en ug/m³	5	--	--
	Porcentaxe de Datos Horarios	97%	86%	Non
	Superacións de 120 ug/m³ Octohorario	4	25	Non
	Percentil 93.2 Octohorario	110	120	Non

Táboa 5. Resumo dos datos de O_3 acadados na Campaña de A Illa de Arousa

Na Táboa 6 amósanse os datos do resto de contaminantes lexislados e rexistrados na Illa de Arousa:

PARÁMETRO	SUPERACIÓN	VALOR	VALOR REFERENCIA	INCUMPRE
CO	Media en mg/m³	0.11	--	--
	Porcentaxe de datos diarios	98%	86%	Non
	Superación 10 mg/m³ Octohorario	0	0	Non
NO	Media en ug/m³	3.2	--	--
	Porcentaxe de datos diarios	98%	86%	Non
NO_2	Media en ug/m³	9.8	40	Non
	Nº Alertas 400 ug/m³ durante 3h consecutivas	0	0	Non
	Porcentaxe de Datos Diarios	98%	86%	Non
	Superación de 200 ug/m³ en 1h	0	18	Non
	Percentil 99.79 Horario	56	200	Non
NOx	Media en ug/m³	15	--	--
	Porcentaxe de Datos Diarios	98%	86%	Non
PM_{10}	Media en ug/m³	11	40	Non
	Porcentaxe de Datos Diarios	97%	86%	Non
	Superacións de 50 ug/m³ en un día	1	35	Non
	Percentil 90.4 Diario	19	50	Non
$PM_{2,5}$	Media en ug/m³	9.5	26	Non
	Porcentaxe de Datos Diarios	97%	86%	Non
SO_2	Media en ug/m³	1.8	--	--
	Nº de veces que se superou limiar de alerta de 500 ug/m³ durante 3h consecutivas	0	1	Non
	Porcentaxe de Datos Diarios	98%	86%	Non
	Superación de 125 ug/m³ en un día	0	3	Non
	Superación de 350 ug/m³ en una hora	0	24	Non
	Percentil 90.73 Horario	13	350	Non
	Percentil 99.2 Diario	4.4	125	Non

Táboa 6. Resumo dos datos acadados na Campaña de A Illa de Arousa

No Gráfico 8 amósanse os valores horarios de O_3 rexistrados durante a campaña. Tanto na Táboa 5 como neste gráfico corrobórase 1 superación do limiar horario de información á poboación (180 ug/m³) pero non a

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

superación do limiar de alerta (240 ug/m^3). Os valores de O_3 representados preséntanse cos de NO_2 do mesmo período e estación ca fin de verificar a adecuada correlación entre ambos:



Gráfico 8. Datos de O_3 e NO_2 acadados durante a campaña na Illa de Arousa

Deseguido, no Gráfico 9, amósase tamén a tendencia e a correlación dos valores de O_3 rexistrados na Illa de Arousa (Unidade Móbil) con respecto ó resto de estacións da franxa SUR de Galicia:



Gráfico 9. Datos de O_3 acadados no resto de estacións da franxa SUR de Galicia

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es

No Gráfico 10 amósanse os datos horarios de CO e SO_2 acadados ó longo da campaña:



Gráfico 10. Datos de CO e SO_2 acadados na Campaña da Illa de Arousa

No Gráfico 11 amósanse os NOx e xa no Gráfico 5, as partículas PM_{10} e $PM_{2,5}$ acadadas durante a campaña no Porto do Pau:



Gráfico 11. Datos de NOx acadados na Campaña de A Illa de Arousa

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade.aire@meteogalicia.es



Gráfico 12. Datos de PM_{10} e $PM_{2,5}$ acadados na Campaña de A Illa de Arousa

Os valores de O_3 acadados na campaña de A Illa de Arousa cumpren co establecido no *R.D. 102/2011 do 28 de xaneiro relativo á mellora da calidade do aire* (dispoñible para a súa descarga na seguinte ligazón: http://siam.cmati.xunta.es/lexislacion/norma.asp?idn=6754&lang=g), posto que non chegan a superarse os limiares establecidos na lexislación. Sen embargo, **o 17 de xullo do 2016 ás 19:00h, superouse o limiar de información á poboación do O_3, establecido en 180 ug/m^3 de media horaria, e que só se pode superar unha vez ó ano**. Por outra banda, superáronse en 4 ocasións de 25 posibles ó ano, os 120 ug/m^3 de O_3 durante 8 horas consecutivas.

4. Conclusións Xerais

Malia que os datos acadados na campaña cumpren co establecido no R.D. 102/2011 do 28 de xaneiro relativo á mellora da calidade do aire, rexistráronse 4 superacións octohorarias de 120 ug/m^3 (de 25 posibles ó ano) e unha superación do limiar de alerta e información á poboación do O_3 troposférico, polo que se está a estudar a posibilidade de volver a monitorizar no futuro o O_3 na Illa de Arousa ou ben instalar un equipo de medición fixa ca fin de mellorar o control deste contaminante dende esta propicia contorna da franxa SUR de Galicia.

Con esta campaña verificaríanse as conclusións dos modelos e corroboraríase a certeza dos mesmos, posto que previán posibles superacións dos limiares de alerta e información á poboación por ozono troposférico nas Rías Baixas.

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade-aire.meteogalicia@xunta.es

CAMPAÑA DE MEDIDA DA CALIDADE DO AIRE POR MOR DO INCENDIO DA EMPRESA FANDICOSTA EN DOMAIO, CONCELLO DE MOAÑA
(CESANTES, CONCELLO DE REDONDELA, MAIO 2016)

1. OBXECTIVO

Por mor do incendio nas instalacións de Fandicosta o día 9 de maio do 2016 en Domaio (Concello de Moaña, Provincia de Pontevedra), a Rede de Calidade do Aire de Galicia instalou a súa Unidade Móbil nos arredores de Cesantes (Concello de Redondela, Provincia de Pontevedra), a barlovento dos ventos predominantes (SW), ca finalidade de analizar a calidade do aire na contorna de Redondela, para onde se dirixía a columna de fume. A UM comezaría a medir a iso das 02.30h AM do día 10 de maio do 2016. Achégase inicialmente a dirección dos ventos e a velocidade dos mesmos na zona:

2. ESTUDO DA DIRECCIÓN DOS VENTOS NA ZONA



Gráfico 13. Estudo da Dirección dos Ventos na zona

No Gráfico 13 pode observarse que durante o incendio, que comezaría a iso das 19:00h do día 9 de maio, **o vento sopraba de SW e iría cambiando progresivamente a Leste (E) ó longo da madrugada**. Deseguido amósase unha imaxe onde se pode ver a localización escollida para a Unidade Móbil na contorna de de Cesantes:

3. LOCALIZACIÓN DOS PUNTOS DE MOSTRAXE

A continuación amósase unha imaxe coa localización do incendio en Domaio, a dirección do vento así como o emprazamento, tanto das estacións de medición e control da Calidade do Aire de Vigo (Vigo Coia e Vigo Lope de Vega) como da Unidade Móbil de Calidade do Aire en Cesantes (Concello de Redondela):

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade-aire.meteogalicia@xunta.es

Imaxe 9. Contorna da Ría de Vigo

4. Localización dos Puntos de Mostraxe

A continuación pasan a amosarse os datos acadados durante o día 9 e a madrugada do día 10 na Unidade Móbil e nas estacións que a Rede de Calidade do Aire da Xunta de Galicia ten en Vigo; Vigo-Coia e Vigo-Lope de Vega:



Gráfico 14. Datos acadados na Unidade Móbil de Calidade do Aire en Cesantes (Redondela)

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade-aire.meteogalicia@xunta.es

Deseguido amósanse os datos rexistrados durante o incendio tanto en Vigo como na Unidade Móbil:



Gráfico 15. Datos horarios de SO_2 acadados na Unidade Móbil e nas estacións de calidade do aire de Vigo



Gráfico 16. Datos horarios de O_3 acadados na Unidade Móbil e nas estacións de calidade do aire de Vigo



Gráfico 17. Datos horarios de NO_2 acadados na Unidade Móbil e nas estacións de calidade do aire de Vigo

Edificio de MeteoGalicia, rúa Roma, 6
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 881 999 751 Fax: 981 957 466
www.meteogalicia.es/Caire
calidade-aire.meteogalicia@xunta.es



Gráfico 18. Datos horarios de PM10 acadados na Unidade Móbil e nas estacións de calidade do aire de Vigo

5. Conclusións Xerais

Tanto na Unidade Móbil instalada como nas demais estacións de calidade do aire de Vigo, **non se observaron valores elevados nin preocupantes para a saúde da poboación**.

Os datos observados, están por debaixo dos valores de alerta e valores límite de calidade do aire establecidos no Real Decreto 102/2011 e no Protocolo de Actuación en Situacións Excepcionais de Contaminación Atmosférica en Galicia.

As estacións Vigo-Coia e Vigo-Lope de Vega atópanse a barlovento da fonte con respecto á dirección predominante do vento, polo que os datos medidos en ambas amosan unha situación propia dunha contorna urbana normal, sen achegas procedentes do incendio.

As concentracións de tódolos contaminantes medidos coa unidade móbil na zona de Cesantes tamén son baixos, aínda que na avaliación destes resultados é preciso ter en conta todos os factores que poden afectar a estes datos, principalmente:

- O cambio de vento de SW a Leste ao longo da madrugada e levou o penacho cara ó mar
- A choiva, que provocou a deposición de parte do penacho do incendio, e
- A altura do penacho que non chegou a fumigar directamente na zona onde se atopaba a unidade móbil.

CALIDADE DO AIRE
DE GALICIA